



MODIFICACIÓN DA LEI 3/2012, DE 2 DE ABRIL, DO DEPORTE DE GALICIA, QUE ENTROU EN VIGOR O DÍA 1 DE XANEIRO DE 2016

DOG Núm. 249 Xoves, 31 de decembro de 2015 Páx. 53066

I. DISPOSICIÓN XERAIS

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

LEI 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Exposición de motivos

Esta norma legal contén dous títulos: o primeiro dedicado ás medidas fiscais e o segundo, ás medidas de carácter administrativo. O título I consta de dous capítulos, relativos o primeiro aos tributos cedidos e o segundo aos tributos propios. O título II consta de catorce capítulos, dedicados, respectivamente, a empregados públicos, mobilidade, vivenda, augas, confrarías de pescadores, **deportes**, turismo, servizos sociais, enerxía, cámaras oficiais e comercio interior, investigación, agricultura, planificación e xestión económico-financeira e administración local. Tamén contén unha disposición transitoria e cinco derradeiras.

Páx. 53071:

No capítulo dedicado ao deporte incorpóranse tres modificacións na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. Na primeira, establécese no ámbito da propia lei o seguro de accidentes deportivos, co fin de dotar das maiores garantías os participantes dos eventos deportivos. Na segunda, engádese unha disposición adicional, co obxecto de institucionalizar no ámbito deportivo a existencia das asociacións de federacións deportivas galegas que se poidan constituír; recoñecer pola lexislación sectorial deportiva a súa existencia e funcións; e, finalmente, posibilitar o acceso destas ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia. E a última modifica a disposición adicional terceira, en cumprimento do acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, en relación coa Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Páx. 53109 e seguintes:

CAPÍTULO VI Deportes

Artigo 23. Asistencia sanitaria nos eventos deportivos

Un. Modifícase o parágrafo cuarto do artigo 22 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que queda redactado como segue:

«O título de inscrición e participación nestes eventos debe indicar o réxime de dereitos e deberes e as condicións que se deben cumprir para a participación. O organizador deberá incluír necesariamente a asistencia sanitaria dos participantes no evento, para o suposto de accidente deportivo, mediante a subscripción do correspondente seguro».



Dous. Modifícase a letra g) do artigo 116 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que queda redactado como segue:

«g) Non subscribir o seguro de responsabilidade civil ou o seguro de accidentes deportivos nos supostos previstos nesta lei».

Artigo 24. Asociacións de federacións deportivas galegas

Un. Modifícase o artigo 60 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 60. Asociacións de federacións deportivas galegas

As federacións deportivas galegas poderán asociarse entre si para o mellor cumprimento dos seus fins deportivos ou para o establecemento de estruturas de asistencia técnica ou administrativa comúns. Estas asociacións constituiranse e axustarán o seu funcionamento á normativa sobre asociacións. Poderán acceder ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia en termos equivalentes aos exixidos para as entidades mercantís referidas na presente lei».

Dous. Engádesse unha nova disposición adicional cuarta na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, co seguinte contido:

«Disposición adicional cuarta. A asociación Unión de Federacións Deportivas Galegas, Ufedega A teor do disposto no artigo 60 da presente lei e nos termos nel establecidos, a asociación Unión de Federacións Deportivas Galegas, Ufedega, entidade sen ánimo de lucro constituída ao amparo da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, poderá acceder ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia».

Artigo 25. Actuación pública na prevención e represión da violencia e das condutas contrarias á boa orde deportiva

Modifícase a disposición adicional terceira da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional terceira. Aplicación do establecido no título IX

1. O disposto no título IX entenderase no marco da competencia exclusiva do Estado en materia de seguridade pública, de acordo co artigo 149.1.29ª da Constitución.

2. A Comunidade Autónoma de Galicia executará as previsións do dito título IX cando dispoña, con carácter efectivo, dun corpo de policía autonómico e conte con competencias estatutarias en materia de protección de persoas e bens e mantemento da orde pública».